# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO TERCEIRO TRIMESTRE.

## EDUCACIÓN INFANTIL - EDUCACIÓN PRIMARIA.

## CEIP DE CASTROMIL
## SALTO (VIMIANZO)

## Curso 2019-2020

**MESTRE RESPONSABLE E TITOR:** ***JOSE SANTAMARÍA TRABA.***

## *ÍNDICE*


### *EDUCACIÓN INFANTIL*

***1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES POR ÁREA.***

***2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.***

***3.METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE (REFORZO, REPASO, AMPLIACIÓN E RECUPERACIÓN)***

***4. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.***

***5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.***

### *EDUCACIÓN PRIMARIA*

***1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN , ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES POR ÁREA.***

***2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.***

***3.METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE (REFORZO, REPASO, AMPLIACIÓN E RECUPERACIÓN)***

***4. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS***

***5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.***

## XUSTIFICACIÓN

Seguindo a normativa vixente, derivada do estado de alarma, e publicadas as Instrucións vixentes do 27 de Abril, da ***Dirección Xeral de*** **Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, para o desenvolvemento do terceiro trimestre**, procédese a adaptar os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe do terceiro trimestre, a nova situación escolar.

## *EDUCACIÓN INFANTIL*

Terase en conta que ao tratarse do segundo ciclo de Educación Infantil, está regulado pola Lei **Orgánica2/2006, de 3 de maio, de Educación( L.O.E) modificada parcialmente** por **LOMCE** e o **Decreto 330/2009 de 4 de xuño polo que se establece o currículo de E.I , na C.A de Galicia**. Por este motivo non falamos de Estándares de Aprendizaxe, senón de Criterios de Avaliación.

| **4º EDUCACIÓN INFANTIL** |
|---|
| **COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL** |
| Nomear as partes do corpo sobre sí mesma e as outras persoas. |
| Esbozar a figura humana, diferenciando cabeza e corpo, brazos, mans, pernas e pés. |
| Propoñer novas ideas ao grupo |
| Amosar preferencias |
| Progresar no control dos seus sentimentos e emocións |
| Situar e localizar obxectos en diferentes posicións espaciais. |
| Entender e seguir as consignas que se lle dan. |
| Concentarse un tempo na mesma actividade. |
| Participar nas actividades que se propoñen |
| **COÑECEMENTO DO CONTORNO** |
| Realizar exploracións e experimentacións cos materiais que se ofrecen |
| Agrupar obxectos atendendo á posesión dalgún atributo |

| |
|---|
| Realizar series sinxelas seguindo un criterio dado. |
| Ordenar obxectos segundo o tamaño e a forma |
| Asociar números coas cantidades representadas |
| Recoñecer algunhas figuras xeométricas (rectángulo, cadrado, círculo, triángulo) |
| Diferenciar nocións temporais día - noite |
| Contar cousas das súas experiencias familiares |
| Manter unha actitude observadora cara os elmentos do medio |
| Formular interrogantes e buscar explicación aos mesmos. |
| Participar nas pequenas investigacións que se propoñen |
| Asumir as responsabilidades que se lle asignan |
| Achegarse ao coñecemento dos sucesos relevantes da comunidade |
| **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN** |
| Participar nas conversas que se orixinan de xeito on line entre todos |
| Narrar feitos e situacións vividas |
| Incorporar ao vocabulario novas palabras |
| Empregar frases de construcción sinxela |
| Empregar sinais extralingüísitcos nas súas mensaxes |
| Comprender a idea central dunha explicación |
| Percibir diferencias e semellanzas entre palabras atendendo a propiedades cuantitativas |
| Participar nos xogos lingüísticos que se lle propoñen |
| Amosar interese en participar nas actividades plásticas que se lle propoñen |
| Participar na interpretación de cancións e xogos musicais |
| Emprega as TICs na procura de información para os proxectos que se propoñen |
| Mostra interés polo emprego das ferramentas tecnolóxicas |

| **5º EDUCACIÓN INFANTIL** |
|---|
| **COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL** |
| Controlar o corpo en movemento adaptándo a resposta motriz ás dimensión e elementos do espazo |
| Propoñer novas ideas ao grupo |
| Manter o equilibrio nos desprazamentos e saltos |
| Verbalizar as súas percepcións |
| Progresar no control dos seus sentimentos e emocións |
| Situar e localizar obxectos en diferentes posicións espaciais. |
| Amosar preferencias. |
| Organizarse de xeito adecuado nas actividades que se lle propoñen |
| Solucionar os pequenos problemas da vida cotiá |
| **COÑECEMENTO DO CONTORNO** |

| |
|---|
| Realizar exploracións e experimentacións cos materiais que se ofrecen |
| Ordenar  obxectos empregando criterios diversos |
| Ordenar coleccións polo número de elementos de menor a maior. |
| Coñecer a serie numérica |
| Escribir os números convencionalmente |
| Empregar a acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico |
| Resolver de xeito manipulativo os pequenos problemas que se lle plantexan |
| Representar as formas xeométricas básicas |
| Manter unha actitude observadora cara os elmentos do medio |
| Formular interrogantes e buscar explicación aos mesmos. |
| Participar nas pequenas investigacións que se propoñen |
| Asumir as responsabilidades que se lle asignan |
| Achegarse ao coñecemento dos sucesos relevantes da comunidade |
| **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN** |
| Participar nas conversas que se orixinan de xeito on line entre todos |
| Realizar explicacións de xeito preciso |
| Incorporar ao vocabulario novas palabras |
| Presentar unha linguaxe fluída |
| Comprender ordes complexas que implican dúas ou tres accións consecutivas |
| Asociar producións escritas con significados |
| Mostrar actitude activa cara a lectura |
| Mostrar orixinalidade na expresión plástica |
| Amosar interese en participar nas actividades plásticas que se lle propoñen |
| Sinalar gustos persoais musicais |
| Participar na interpretación de cancións e xogos musicais |
| Emprega as TICs na procura de información para os proxectos que se propoñen |
| Mostra interés polo emprego das ferramentas tecnolóxicas |

## COMPETENCIAS

**A  LOE como o Decreto 330/2009, do 4 de xuño,** polo que se establece o currículo da E.I. na Comunidade Autónoma de Galicia, establecen oito competencias básicas que o alumnado debe desenvolver e acadar ao longo do ensino básico, estas competencias traballaranse todas a través das distintas propostas de actividade que se proponen ao alumnado ao longo do 3º trimestre:

- 1º  Competencia en comunicación lingüística
- 2º  Competencia cultural e artística
- 3º  Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico
- 4º  Competencia dixital e tratamento da información
- 5º  Competencia para aprender a aprender
- 6º  Auntonomía e iniciativa persoal
- 7º  Competencia social e cidadá

- 8º Competencia en matemáticas.

## *2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.*

### *PROCEDEMENTOS UTILIZADOS PARA A AVALIACIÓN*

Unha observación indirecta (a través de fotos, vídeos, audios, etc)

### INSTRUMENTOS UTILIZADOS PARA A AVALIACIÓN

- Anecdotario no que se recolle información significativa para valorar carencias e actitudes positivas.
- Lista de control na que rexistro a ausencia ou presencia da conduta, rasgo ou secuencia de accións que pretendo avaliar.
- Os traballos do alumnado (remitidos a través de imaxes) a través dun análise sistemático e continuado das tarefas que se propoñen.
- Valoración de realizacións prácticas para avaliar situacións como prácticas, exercicios físicos ou xogos propostos.
- Conversas co alumnado, a través de vídeo chamadas, empregando Whatsapp, e webex.

### *ATENCIÓN A DIVERSIDADE.*

**Sistema de comunicación co alumnado e as familias establecido polo centro.**

O sistema de comunicación co meu alumnado é sempre a través das familias, e as canles son:

- Grupo de Whatsapp
- Correo electrónico
- Webex
- Teléfono.

A través destas canles, as familias fanme chegar as dubidas xurdidas na realización das tarefas por parte das alumnas e os alumnos. Tamén constitúe un intercambio de información construtiva en diferentes ámbitos.

Como particularidades importantes, quero resaltar as seguintes:

- Todas as familias teñen acceso a Internet.
- É unha zona rural. A maioría das nais e dos pais traballan nesta actividade, polo que a conciliación familiar resulta máis complicada.

## METODOLOXÍA E  ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE.

Como xa se fixera para a realización das actividades de seguemento ao alumnado, as escolas unitarias do concello de Vimianzo (Carnés, Castromil e Carantoña), Traba e Camelle continúan, de forma conxunta, a traballar no Drive dinámico, nutrindo de recursos e actividades, as áreas de Educación Infantil e Educación Primaria.

(https://drive.google.com/drive/u/0/folders/1CQtBfMDtdcPY60I3JoG1qS3r4IXs9XAB)

Tamén consta o seguinte enlace de Google site, onde imos recompilando recursos que poden empregar as familias:

https://sites.google.com/view/unitariasvimianzotrabacamelle/p%C3%A1gina-principal

Cada titor/titora envía ás familias as propostas de actividade que lle resulten máis axeitadas para o seu alumnado.

O material faise chegar ás familias a través das diferentes canles de comunicación. Ó mesmo tempo, teñen acceso ao Drive dinámico, no cal se atopa toda a información de interese para a resolución das tarefas diarias.

Grazas ao Concello de Vimianzo que imprime gratuitamente estes materiais e entrégaos ás familias, todas as nenas e nenos de Castromil teñen o material de traballo.

Cada semana enviase unha programación para realizar cada día, marcando e pautando diariamente o traballo.

A comunicación cas familias e cos nenos e nenas e periódica, cada día a través de Whatsapp. As nenas e nenos realizan as tarefas ao longo do día.

Mantemos unha xuntanza virtual (todos os nenos e nenas e eu) a través de Webex .Para a realización desta reunión, previamente hai que acordar que todas as familias podan conectarse (debido a quendas no traballo sobre todo).

A través de esta canle, tamén se realizan reunións cas nais e cos pais, para resolver dubidas sobre diferentes aspectos da programación diaria.

- En Educación Infantil, proponse un "**proxecto guiado**" sobre o Universo, no que se combina o traballo de investigación, traballo de aproximación á lecto escritura, lóxico matemática, plástica, musical e psicomotriz.
- "Ciencia na casa". Experimentos nos que teñen que formular hipóteses sobre o que vai a suceder (a través dun audio de whatsapp que me envían), realizan o experimento proposto e finalmente extraen a conclusión. Todo o proceso grábase

en vídeo e envíanmo a través de Whatsapp ou do mail do centro.

- Retos. A través dos retos que se lles propoñen semanalmente traballan destrezas de motricidad fina e grosa, educación artística (plástica e musical), solución de problemas da vida diaria (programar un electrodoméstico, etc), inventos, traballo de fomento da ecoloxía...
- Apps: para a aproximación ás TICs se recomenda semanalmente una app na que a través de xogos traballan: memoria, lecto – escritura, lóxico – matemática.
- Actividades referidas ás conmemoracións do 3º trimestre (Semana do libro, DI Acoso Escolar, Día de Europa, Semana das Letras Galegas, Día Mundial do Medio Ambiente)
- Actividades de fomento da creatividade (manualidades, debuxos, etc.), creación de debuxos guiados por pintores (pintando con Leandro Lamas)
- Propostas de actividades de psicomotricidade (Ioga para nenos, circuítos divertidos,etc.)
- Actividades musicais (cancións, audicións, etc.) nestas actividades tamén se lles propoñen as que por Streaming están a desenvolver artistas como: Paco Nogueiras, Uxía Lambona e a banda Molona....
- Actividades de educación emocional.
- Actividades de ampliación e reforzo
- Traballo fundamentalmente oral (audicións, dramatizacións).
- Utilización de rimas, cancións e contos.
- Aprendizaxe activa, utilizando actividades con resposta oral e física. (T.P.R.: Total Physical Response)
- Realización de traballos baseados na motricidade fina : trazar,colorear, recortar e pegar.

Potenciación da memoria, a través de xogos, e actividades de clasificación e relación

## *LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS. EDUCACIÓN INFANTIL.*

### *ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE*

## 1. CONTEXTUALIZACIÓN

Dende as idades máis temperás, a educación ten entre os seus obxectivos principais o desenvolvemento de competencias que lles permitan aos alumnos e alumnas desenvolverse nun contexto multicultural e plurilingüe.

Desde esta perspectiva, o currículo nesta etapa, aínda que inicialmente dá prioridade ás actividades lingüísticas ou destrezas orais, establece gradualmente a aprendizaxe das outras destrezas para o desenvolvemento dunha competencia comunicativa oral e escrita eficaz e contextualizada nos intereses, necesidades e preferencias propios destas idades.

### XUSTIFICACIÓN DO ENFOQUE ORAL E DO DESENROLO INTEGRAL

O obxectivo principal consiste en ensinarlles o inglés centrándose no seu propio desenrolo integral. A incorporación das actividades melloran as habilidades motrices, así como a orientación espacial, persoal, social e emocional.

Obviamente, a parte oral da lingua inglesa é a protagonista nesta etapa. Insístese en familiarizar ós propios alumnos e pais coa sonoridade do inglés.

O repaso e a repetición resultan básicos, sendo a reciclaxe fundamental no proceso de aprendizaxe. Insistirase en motivar ós nenos máis que incidir nos seus erros (reforzo positivo).

### METODOLOXIA EMPREGADA

Traballo fundamentalmente oral (audicións, dramatizacións).

Utilización de rimas, cancións e contos.

Aprendizaxe activa, utilizando actividades con resposta oral e física. (T.P.R.: Total Physical Response)

Realización de traballos baseados na motricidade fina : trazar,colorear, recortar e pegar.

Potenciación da memoria, a través de xogos, e actividades de clasificación e relación.

### MATERIAIS

As marioneta de “Mr. Fox e Monkey ”, que só falan en inglés. A súa función é a de axudante do mestre e envía as mensaxes das rutinas e ánimo , así coma exemplos de interaccion oral na lingua inglesa. Convida aos nenos a mandarlles audios ou videos coas súas gravacións empregando as marionetas que teñen en casa para

Se envían contos, cancións , videos e xogos interactivos cos que repasar o abordado durante o curso , e introducindo novo vocabulario sinxelo.

Outros materiais e recursos empregados por exemplo a plastilina, as ceras, os cartolinas, papeis de refugallo, rotuladores, pintura , etc para realizar manualidades relacionadas coas rutinas e os temas a tratar no conto, canción**s e actividades.**

**CONTIDOS**

Estes son os contidos que traballamos ó longo dos dous primeiros trimestres , que están sendo reforzados e ampliados neste terceiro dende a casa.

Presentacións, saúdos e despedidas (Hello, good morning, goodbye…)

- Emotions (Happy, sad, affraid, scared, angry, ashamed)
- As cores (Red, yellow, green, blue, orange…)
- Os números (From 1 to 5)
- House (Kitchen, bedroom, bathroom…)
- Os xoguetes (bike, ball, doll…)
- Means of transport (car, plane, train…)
- Means of communication (T.V., computer, tablet, mobile, …)
- Animals (cat,dog, bear…)
- Sea animals (whale, dolphin…)
- Holidays (summer, beach, sea, shell…)

**TEMAS TRANSVERSAIS.**

Temas: Father's Day,Easter, Earth DAy, Book Day, Mother´s Day.

Obxectivos

1. Coñecer ao coelliño de Pascua e cantar unha canción que introduza accións , cores, números, family e vocabulario de relacionado coa celebración.
2. Desenvolver a capacidade de observación , escoita e reprodución de respostas as pequenas mensaxes das cancións.

Procedementos

3. Cantar e escenificar as cancións escollidas para cada celebración.
4. Repasar o vocabulario e as cancións aprendidas.
5. Elaborar unha manualidade seguindo as indicacións de Mr. Monkey e Mr. Fox.

As leccións se basean en rutinas. Ó comezo da lección os nenos repasan o vocabulario, cantan unha canción e xogan os xogos propostos para o repaso e uso deste vocabulario.

Cada sesión se presenta unha breve historia, unha canción co vocabulario específico e outra na que se repasen as cores, os números, os días da semana, as accións, etc.

Reciben mensaxes e Challengues, e mensaxes de Mr. Monkey e Mr. Fox aos que eles responden agarimosamente coa colaboración da familia.

## AVALIACIÓN

A avaliación farase a través da observación , na que se valoraron os seus progresos no seguemento das actividades propostas e a actitude (interese en aprender, participación, colaboración,…), atendendo especialmente as condicións específicas de cada familia e as súas posibilidades nesta extraordinaria situación. Nunca estas observacións poderán penalizar a calificación obtida nos anteriores trimestres.

## COMPETENCIAS

Ainda que tódas as áreas contribuen á consecución das oito competencias, a contribución é maior segundo a competencia á cal nos referimos.

Concretamente ,esta programación está relacionada ,en orde descendente; coas seguintes competencias:

**1º Competencia en comunicación lingüística**

**2º Competencia cultural e artística**

**3º Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

**4º Competencia dixital e tratamento da información**

**5º Competencia para aprender a aprender**

**6º Auntonomía e iniciativa persoal**

**7º Competencia social e cidadá**

**8º Competencia en matemáticas**

## OBXECTIVOS

Obxectivos propostos na Programación :

- Familarizarse coa lingua estranxeira e a súa sonoridade, e seguir mantendo un achegamento a lingua estranxeira dende a situación de confinamento , aproveitando os medios de comunicación dos que dispoñemos para manter un contacto fluido coas familias ,alumnos e alumnas.

- Comprender o sentido global de mensaxes orais, centrándose en informacións sinxelas e concretas con vocabulario simple previamente presentado nun contexto, acompañadas de apoio mímico, xestual e visual, referidas ó contorno inmediato do alumno: a clase e os xogos.
- Utilizar o inglés de forma oral co profesor , cos compañeiros e a familia para utilizar expresións de relación social, saudar, agradecer, pedir algo, para identificarse e describir obxectos e personaxes utilizando o léxico mais elemental
- Utilizar os recursos expresivos non lingüísticos, xestos, posturas, sons e debuxos, para comprender e facerse comprender na lingua estranxeira.
- Participar activamente nas actividades esforzándose por usar a lingua aprendida.

RELIXIÓN

**OBXETIVOS**

1 Respetar as persoas

2 Apreciar valores cristians, que facilitan a convivencia

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1.1 Identifica comportamentos de amor e de perdón. Competencia CL

2-1 Comparte as súas cousas, respeta as normas Competencia CSC

**METODOLOXiA**

Promover actitudes de colaboración.

Resaltar valores como a sinceridade, o respeto, o aprecio polos demais

## *4.RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS*

**MATERIAIS E RECURSOS**

Os **recursos humanos** cos que contamos, son os seguintes:

- O mestre titor e responsable do C.E.I.P de Castromil.
- Orientadora (compartida).
- Especialista en lingua inglesa
- Especialista en relixión.
- Familias

Recursos **organizativos**: establezo tempos para a atención personalizada do alumnado e das familias.

Recursos **didácticos**, entre outros:

- Recursos atopados na web

- O noso propio “banco de recursos” que é o Drive das 5 escolas
- Contos que teñen os nenos na casa e que empregamos para todos
- Materiais informativos e ilustrativos que elaboramos.
- As marioneta de “Mr. Fox e Monkey ”,  que só falan en inglés. A súa función é  a de axudante do mestre e envía as mensaxes das rutinas e ánimo , así coma exemplos de interaccion oral na lingua inglesa. Convida aos nenos a mandarlles audios ou videos coas súas gravacións empregando as marionetas que teñen en casa para Se envían contos, cancións , videos e xogos interactivos cos que repasar o abordado durante o curso , e introducindo novo vocabulario sinxelo.
- Outros materiais e recursos empregados por exemplo a plastilina, as ceras, os cartolinas, papeis de refugallo, rotuladores, pintura , etc para realizar manualidades relacionadas coas rutinas e os temas a tratar no conto, cancións e actividades.

  Recursos **TICs**.

  Apps como:
- https://play.google.com/store/apps/details?id=com.robotifun.tangram
- https://play.google.com/store/apps/details?id=air.educaplanet.grin.leo1.full
- https://play.google.com/store/apps/details?id=com.cuentaCuentos
- https://play.google.com/store/apps/details?id=com.edujoy.Kids_Memory
- https://play.google.com/store/apps/details?id=com.appndroide.aprenderaleeryescribir
- https://play.google.com/store/apps/details?id=biz.arrowstar.funnyfood3&hl=es_SV
- https://play.google.com/store/apps/details?id=air.com.sesameworkshop.ResilienceThinkBreathDo&gl=ES
- https://play.google.com/store/apps/details?id=com.storytoys.hungrycaterpillar.book1.free.android.googleplay

  *https://www.google.com/search?client=firefox-b-e&q=space+place+nasa*

En canto aos **materiais**:

Fichas en PDF, libros de texto, material escolar previamente dado as familias.

Esto diariamente se vai enriquecendo con outro tipo de propostas como:

- Contos contados polos nenos e nenas, as familias, e a titora.
- Enlaces a páxinas web interesantes

- Enlaces a vídeos, cancións, etc, que se relacionan co que estamos a traballar.

## 5.INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

*EDUCACIÓN PRIMARIA*

*CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE POR MATERIAS E COMPETENCIAS BÁSICAS. POR ÁREAS. EDUCACIÓN PRIMARIA.*

# EDUCACIÓN PRIMARIA:

# PRIMEIRO

## LINGUA CASTELÁ

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe. |
|---|---|
| **BLOQUE 1; COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR.** | |
| **Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.** | 1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.CL,CAA,CSC. |
| **Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.** | 1.4.1. Comprender o sentido global dun texto oral.CL,AA. |
| **Identificar información relevantes.Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.** | 1.5.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social. CL,CAA, ,CSC. |
| **Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.** | 1.6.1. Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese.CL,CAA, ,CSC, CD. |
| **Reproducir textos orais próximos aos seus gustos e intereses.** | 1.7.1. Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.CL, CAA, CSC. |
| **Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario axeitado e unha secuencia coherente.** | 1.9.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas. CL,CAA,CSC, CD<br>1.9.2. Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arri- |

| | |
|---|---|
| | ba ….CL.<br>1.9.3. Utilizar correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite…CL. |
| **Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.** | 1.10.1. Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.CL,CSC. |
| **Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.** | 1.11.1. Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.CL, CSC. |
| ***BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA. LER.*** | |
| **Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos** | 2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade. CL, CD. |
| **Anticipar o contido de textos do ámbito escolar e social axeitados ao seu nivel.** | 2.2.1. Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto. CL, AA, CSC, IE. |
| **Comprender a funcionalidade de diferentes tipoloxía textuais, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) adaptados a súa idade.** | 2.3.1. Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións … CL,CSC,CAA. |
| **Mostrar interese e gusto pola lectura.** | 2.4.1 Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer.CL,CAA<br>2.4.2 Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.CL,CAA, IE. |
| **Progresar na adquisición do hábito lector.** | 2.5.1. Identifica, con axuda, os textos da biblioteca (escritos ou en soporte informático) máis axeitados para obter información e para o seu lecer. CL,CD, IE. |
| ***BLOQUE 3: COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR.*** | |
| **Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos** | 3.1.2 Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia …CL, CAA, CSC |

| | |
|---|---|
| **Relacionar códigos verbais e non verbais.** | 3.2.1. Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes. CL, IE, CAA, CMCCT. |
| **Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato (descritivos, narrativos, dialogados) e intencionalidade comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e coida a presentación** | 3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbitoescolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas… CL,CSC, CAA, CD, CMCCT.<br>3.3.2. Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos.CL, IE, CAA. |
| ***BLOQUE 4: COÑECEMENTO DA LINGUA.*** | |
| **Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.** | 4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra. CL<br>4.1.2. Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética. CL<br>4.1.4. Distingue xénero e número en palabras habituais. CL<br>4.1.5. Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos. CL<br>4.1.6. Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia CL |
| **Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.** | 4.3.1. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos. CL |
| **Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.** | 4.4.1. Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos. CL, IE, AA. |
| **. Utilizar programas e aplicacións educativas dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe** | 4.5.1. Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe. CL, CD, CMCCT. |

| *BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA.* | |
|---|---|
| **Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos e utilizar a lectura como fonte de gozo e información.** | 5.1.1. Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, CL, IE, CSC. |
| **Gozar da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.** | 5.2.1. Gozo da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos. CL, CSC, CEC.<br>5.2.2 Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións). CL,. |
| **Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos, poemas e adiviñas.** | 5.4.1. Recrea de xeito individual e cooperativo, sinxelos textos literarios (contos, poemas..) a partir de pautas ou modelos dados. CL, CSC, IE |
| **Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua castelá, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.** | 5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua castelá, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.CL, CSC, IE, AA, CEC. |

## ***LINGUA GALEGA***

| Criterios de avaliación. | Estándares de aprendizaxe. |
|---|---|
| **BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR.** | |
| **Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.** | 1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.CL, AA, IE |
| **Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.** | 1.4.1. Comprender o sentido global dun texto oral. CL, AA. |
| **Identificar información relevantes.Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade** | 1.5.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social. CL, CSAC, AA. |
| **Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.** | 1.6.1. Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese. CL,CSC, CD, AA. |
| **Reproducir textos orais próximos aos seus gustos e intereses** | 1.7.1. Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.CL, CSC, AA. |
| **Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario axeitado e unha secuencia coherente.** | 1.9.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas. CL, CSC.<br>1.9.2. Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arriba ….CL<br>1.9.3. Utilizar correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite…CL |
| **Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.** | 1.10.1. Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. CL, CSC, CCEC. |
| **Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.** | 1.11.1. Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole. CL, IE, CSC. |
| **BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA. LER.** | **Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sin-** |

| | |
|---|---|
| | **xelos.** |
| **Comprender a funcionalidade de diferentes tipoloxía textuais, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) adaptados a súa idade.** | 2.3.1. Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións … CL, CSC, AA. |
| **Mostrar interese e gusto pola lectura.** | 2.4.1 Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer. CL, CSC, IE, AA. |
| **Progresar na adquisición do hábito lector.** | 2.5.1. Identifica, con axuda, os textos da biblioteca (escritos ou en soporte informático) máis axeitados para obter información e para o seu lecer. CL, CD, IE. |
| **BLOQUE 3: COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR.** | |
| **Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos** | 3.1.1. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua galega en palabras significativas. CL, CSC, AA.<br>3.1.2 Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia …CL,CSC, AA. |
| **Relacionar códigos verbais e non verbais.** | 3.2.1. Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes. CL, CMCCT, IE. |
| **Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato (descritivos, narrativos, dialogados) e intencionalidade comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e coida a presentación** | 3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbitoescolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas… CL, CD, IE, CMCCT.<br>3.3.2. Presenta os seus escritos con limpeza.CL, AA, IE. |
| **BLOQUE 4: COÑECEMENTO DA LINGUA.** | |
| **Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.** | 4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra. CL.<br>4.1.2. Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética. CL. |

| | |
|---|---|
| | 4.1.4. Distingue xénero e número en palabras habituais. CL<br>4.1.5. Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos. CL,<br>4.1.6. Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia CL |
| **Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.** | 4.4.1. Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos. CL, AA, IE. |
| **Utilizar programas e aplicacións educativas dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe** | 4.5.1. Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe. CL, CD, AA. |
| **BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA.** | |
| **Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos e utilizar a lectura como fonte de gozo e información.** | 5.1.1. Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, CL, CSC, AA. |
| **Gozar da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.** | 5.2.1. Gozo da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.CL,CSC. |
| **Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.** | 5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.CL, CSC, AA. |

## MATEMÁTICAS

| Criterios de avaliación. | Estándares de aprendizaxe. |
|---|---|
| ***BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS.*** | |
| **Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.** | Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas. CMCCT, IE, AA. |
| **Iniciarse na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe coa axuda guiada do mestre ou da mestra.** | Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe. CD. IE, AA. |
| ***BLOQUE 2: NÚMEROS.*** | |
| **Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.** | 2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais. CMCCT, CSC.<br><br>2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. CMCCT.<br><br>2.2.4. Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica. CMCCT. |
| **Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.** | 2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.CMCCT<br><br>2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados. CMCCT<br><br>2.3.3. Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos. CMCCT, AA, IE. |
| **Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáti-** | 2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados. CMCCT, AA. |

| | |
|---|---|
| **cos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.** | |
| ***BLOQUE 3: MEDIDA*** | |
| **Iníciase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.** | 3.4.1. Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano. CMCCT<br>3.4.2. Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora. CMCCT |
| | |
| ***BLOQUE 4: XEOMETRÍA.*** | |
| **Recooñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo.** | 4.2.1. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato. CMCCT, CSC. |
| **BLOQUE 5: ESTATÌSTICA E PROBABILIDADE.** | |
| **Recoller e rexistrar unha información que se poida cuantificar, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais… comunicando a información.** | 5.1.1.Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas. CL, CMCCT, AA. |

## *CIENCIAS DA NATUREZA*

| Criterios de avaliación. | Estándares de aprendizaxe. |
|---|---|
| **BLOQUE 1: INICIACIÓN A ACTIVIDADE CIENTÍFICA.** | |

| | |
|---|---|
| | |
| **Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.** | 1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes. CMCCT, CL, AA, IE. |
| ***BLOQUE 2: O SE R HUMANO E A SAUDE.*** | |
| **Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a dversidade.** | 2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. CMCCT.<br>2.1.2. Recoñece partes do propio corpo. CMCCT. |
| **Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.** | 2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada. CMCCT<br>2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde. CMCCT, CSC. |
| ***BLOQUE 3: OS SERES VIVOS*** | |
| **Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.** | 3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes. CL, CMCCT.<br>3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno. CMCCT, CL, CSC.<br>3.1.3. Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos. CMCCT, CSC, AA, IE. |
| ***BLOQUE 5: TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS.*** | |
| **Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.** | 5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el. CL, CD<br>5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso. CD |
| | |

## CIENCIAS SOCIAIS.

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe. |
|---|---|
| ***BLOQUE 2: O MUNDO QUE NOS RODEA.*** | |
| **Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC.** | 2.1.1.Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC. CL, CSC, CMCCT.<br>2.1.2 Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima. CL, CSC, |
| **Recoñecer e valorar a importancia que a auga e o aire teñen para a vida e reflexionar sobre a importancia que o uso responsable ten na súa contorna máis próxima.** | 2.3.1.Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima. CL, CMCCT, CSC, IE. |
| **Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia na súa contorna identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.** | 2.4.1.Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital. CL, CSC, CMCCT, CD. |
| **Valorar a importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima.** | 2.9.1.Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.CL, CMCCT, CSC. |
| ***BLOQUE 3 : VIVIR EN SOCIEDADE.*** | |
| **Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias así como contribuíndo ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os** | 3.1.1.Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia. CL, CSC. |

| | |
|---|---|
| **seus membros.** | |
| **Coñecer e respectar todos os elementos que conforman a escola e as súas funcións.** | 3.2.1.Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan. CL, CSC. |
| **Recoñecer á pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia.** | 3.3.1.Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola. CSC. |
| **Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas e diferenciar entre os diferentes tipos de vivendas que forman a súa contorna.** | 3.4.1. Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas. CL, CMCCT. |
| **Coñecer algunha das grandes manifestacións culturais que se celebran na escola valorando a súa diversidade e contribuíndo á súa conservación.** | 3.8.1.Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación. CL, CSC. |
| ***BLOQUE 4: AS PEGADAS DO TEMPO.*** | |
| **Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso tempo.** | 4.3.1.Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.CL, CMCCT, CSC. AA. |
| | |

## EDUCACIÓN ARTÍSTICA

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe. |
|---|---|
| **Amosar respecto pola área e polos diferentes tipos de expresión plástica.** | 1.1.1. Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica. CCEC, CSC. |
| **Valorar a limpeza, os materiais e a orde na realización dunha tarefa plástica e o seu produto final**. | 1.2.1. Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto. CCEC, CSC. |
| **Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.** | 1.3.2. Identifica, nomea e debuxa as formas básicas.CL, CMCCT.<br>1.3.3. Identifica os tamaños. CL, CMCCT.<br>1.3.4. Identifica e usa as cores aprendidas. CL, CMCCT.<br>1.3.5. Nomea e recoñece as figuras xeométricas básicas e os elementos plásticos. CL, CMCCT.<br>1.3.6. Recoñece e nomea as principais partes da figura humana.CMCCT, CL.<br>1.3.7. Identifica figuras xeométricas básicas. CMCCT, CL.<br>1.3.8. Identifica os diferentes tipos de liña. CMCCT, CL. |
| **Identificar diferentes formas de representación do espazo.** | 1.5.1. Observa diferentes formas de presentar o espazo. CMCCT. |
| ***BLOQUE 2: EXPRESIÓN ARTÍSTICA.*** | |
| **Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.** | 2.2.2. Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.). CMCCT, IE.<br>2.2.4. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual. CD, CMCCT, IE. |
| **Respectar e coidar os materiais, os utensilios e os espazos.** | 2.3.1. Respecta as normas preestablecidas e coida os materiais, |

| | |
|---|---|
| | os utensilios e os espazos.CSC. |
| ***Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.*** | 1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. CL, CMCCT, CCEC. |

## LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| **B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade** | PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos |
| **B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos …),** | PLEB1.2.Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares |
| **B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto** | PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo e outras persoas |
| **B2.1. Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata** | PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas |
| **B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.** | PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves |
| **B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves** | PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados. |
| **B3.2. Utilizar as estratexias básicas de hipótese para a comprensión** | PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual |
| **B4.3. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos moi sinxelos e elementais** | PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas con léxico relacionado co tema da escritura |
| **B5.2. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente** | PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social |
| **B5.6. Comprender e expresar o permiso, o acordo.** | PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad…) |
| **B5.7. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.** | PLEB5.7. Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you cant/can´t) ou (That's right). |
| **B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.** | PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc. |

| | |
|---|---|
| | |
| **B5.12. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia** | PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente. |

## EDUCACIÓN FÍSICA

| Criterios de avaliación. | Estándares de aprendizaxe. |
|---|---|
| **BLOQUE1. CONTIDOS COMÜNS EN EDUCACIÓN FÍSICA** | |
| **Recoñecer desde a perspectiva de participante as posibles situacións conflitivas xurdidas nos xogos aceptando as opinións dos e das demais.** | 1 1.1. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.csCSC, CSIEE<br>1.2. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos. CSC, CSIEE, AA |
| **Buscar de maneira guiada información utilizando fontes de información e facendo uso das TIC.** | 2.1. Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información. |
| **Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.** | 1 3.1. Participa activamente nas actividades propostas.<br>1 3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.<br>1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. |
| **BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN** | |
| **Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.** | 2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase |
| **Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan.** | 2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias. |
| **BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES** | |
| **Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicio-** | 1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio. |

| | |
|---|---|
| **nantes espazo-temporais.** | 3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias. |
| **BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS** | |
| **Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.** | 4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. |
| **BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE** | |
| **Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.** | .1.1. Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.<br>5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables.<br>5.1.3. Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.<br>5.2.1. Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando. |
| **BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS** | |
| **Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia.** | 6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados. CEE, AA, CSC |

## RELIXIÓN

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe. |
|---|---|
| Identificar a creación como regalo de Deus | Exprexa coas suas palabras admiracion pola natureza . CL,, CSC. |

# EDUCACIÓN PRIMARIA:

# SEGUNDO

## LINGUA CASTELÁ.

| Criterios de avaliación. | Estándares de aprendizaxe. |
|---|---|
| **BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL.FALAR E ESCOITAR.** | |
| **Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.** | 1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando, de xeito global, o valor comunicativo destes. CL.<br>1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel. CL. |
| **Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).** | 1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social. CL,CSC, CD.<br>1.5.2. Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios, regulamentos, folletos…CL,CSC,CD. |

| | |
|---|---|
| | 1.5.3. Responde preguntas correspondentes á compresión literal. CL, CSD, CD. |
| **Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicac** | 1.6.2. Recoñece de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación. CL,CD. |
| **Producir textos orais breves, imitando modelos a atendendo á forma e a intención comunicativa.** | 1.9.1. Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas….CL, IE, CSC. |
| **Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.** | 1.10.1 Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.CL, CSC, CEC. |
| **Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.** | 1.11.1 Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión. CL. |
| ***BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA. LER.*** | |
| **Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil.** | 2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade. CL. |
| **Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.** | 2.2.1. Identifica o tema dun texto sinxelo. CL, AA.<br>2.2.2. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). CL, AA. |
| **Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.** | 2.3.1. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto. CL, AA.<br>2.3.3. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto. CL. |

| | |
|---|---|
| **Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.** | 2.4.1. Dedica, de xeito guiado, momentos de lecer para a lectura voluntaria.CL, IE.<br>2.4.2. Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras. CL,CSC. |
| **Identifica, con axuda, a estrutura básica de diferentes textos lidos.** | 2.7.1. Diferenza, con axuda, entre información e publicidade.CL, CSC, CD.<br>2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información. CL, CD. |
| ***BLOQUE 3: COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR.*** | |
| **Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas(informativos, literarios e prescritivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación-** | 3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios…CL,CSC,CD.<br>3.1.2. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, etc.CL. |
| **Elaborar, de xeito guiado, proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.** | 3.4.2. Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido. CL, IE. |
| **Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación de xeito guiado para presentar as súas produción.** | 3.6.1. Usa, con axuda, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para escribir e presentar textos moi sinxelos. CL, CD. |
| ***BLOQUE 4: COÑECEMENTO DA LINGUA.*** | |
| **Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua, (categorías gramaticais), para favorecer unha comunicación máis eficaz** | 4.1.1. Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo. CL. |
| **Aplicar os coñecementos básicoscos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.** | 4.3.1. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos. CL. |

| | |
|---|---|
| | |
| **Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.** | 4.5.1. Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais.CL, CD. |
| ***BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA.*** | |
| **Valorar textos como fonte de lecer e información.** | 5.1.1. Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas CL, CSC, CEC. |
| **Iniciar a lectura e expresiva de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.** | 5.2.1. Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.CL, CSC.<br>5.2.2. Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións) CL, CSC. |
| **Valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.** | 5.3.1. Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.CL, CSC, CEC. |
| **Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua castelá, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.** | 5.8.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua castelá, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal. CL. CSC. CEC. |

## LINGUA GALEGA.

| Criterios de avaliación. | Estándares de aprendizaxe. |
|---|---|
| ***BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL:FALAR E ESCOITAR.*** | |
| **Comprender a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.** | 1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.CL,CD,CSC.<br>1.1.2. Recoñece a función dos medios de comunicación como fonte de información.CD,CEC,CSC. |
| **Comprende informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes.** | 1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.CL,CD,CSC,CEC. |
| **Usar fórmulas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais.** | 1.6.1. Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. CL, CSC, CEC |
| **Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.** | 1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación axeitada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega. CL. |
| **Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas** | 1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente. CL, CS.<br>1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias. CL, CS, CEC. |
| **Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.** | 1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación…CL, CSC.<br>1.10.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. CL, CSC. |

| | |
|---|---|
| ***BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA. LER.*** | |
| **Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.** | 2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación. CL, CD, CSC.<br>2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. CL, CS, CD.<br>2.1.3. Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións). CS, CSC, CD. |
| **Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.** | **2**.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións. CL, CD. |
| **Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso.** | 2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos. CS, CD.<br>2.3.2. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada. CS, CD. |
| **Amosar interese polos textos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer.** | 2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer. CL, CSC. IE. |
| | |
| ***BLOQUE 3: COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR.*** | |
| **Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.** | 3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións,felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.CL, CSC, IE.<br>3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo. |

| | |
|---|---|
| | CL,.AA.<br>3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas. CL, AA. |
| **Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.** | 3.2.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.CL, CSC, CD. |
| **Usar de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.** | 3.3.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. CL, CD. |
| **Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.** | 3.5.1. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.CL, CD.<br>3.5.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.CL, CD, CECD, CSC. |
| ***BLOQUE 4: COÑECEMENTO DA LINGUA.*** | |
| **Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua** | 4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.CL.<br>4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.CL.<br>4.1.3. Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos. CL.<br>4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas. CL. |
| **Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.** | 4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. CL. |
| ***BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA.*** | |
| **Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos.** | 5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de |

| | |
|---|---|
| | sorte; usando modelos.CL, CSC, CEC<br>5.1.2. Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.CL, CSC, CEC. |
| **Recrear e compoñer poemas sinxelos e relatos breves a partir de modelos sinxelos dados.** | 5.3.1. Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.-CL, CSC, CD, CEC. |
| **Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal,** | 5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal. CL, CSC, CEC. |

## MATEMÁTICAS.

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe. |
|---|---|
| ***BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS.*** | |
| **Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.** | 1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas. CL, CMCCT, IE. |
| **Utilizar, coa guía do mestre ou da mestra, os medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe e para a resolución de problemas.** | 1.3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.CD, CMCCT, IE. |
| ***BLOQUE 2 : NÚMEROS.*** | |

| | |
|---|---|
| **Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.** | 2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999. CMCCT, CL.<br>2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais. CMCCT, CL.<br>2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.CMCCT. |
| **Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.** | 2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados. CMCCT.<br>2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados. CMCCT.<br>2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental. CMCCT. |
| **Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas.** | 2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados. CMCCT, CL. |
| ***BLOQUE 3: MEDIDA*** | |
| **Coñece as unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.** | 3.4.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos) CMCCT, AA.<br>3.4.2 Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relación.<br>CMCCT, AA. |
| **Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.** | 3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas. CMCCT, CSC, CEC, AA. |
| ***BLOQUE 4: XEOMETRÍA.*** | |

| | |
|---|---|
| **Nomear un polígono segundo o seu número de lados.** | 4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato. CMCCT. |
| ***BLOQUE 5:ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE.*** | |
| **Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúnsecursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas… comunicando a información.** | 5.1.1.Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas. CMCCT, CL, CD.<br>5.1.2. Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos. CMCCT, CD, CL, AA, IE. |
| | |

## CIENCIAS DA NATUREZA.

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe. |
|---|---|
| ***BLOQUE 1: INICIACIÓN A ACTIVIDADE CIENTÍFICA.*** | |
| **Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.** | 1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. CMCCT,IE. CD. |
| ***BLOQUE 2: O SER HUMANO E A SAÚDE.*** | |
| **dentificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valoran-** | 2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compá- |

| | |
|---|---|
| **do a diversidade.** | rao co doutros seres vivos. CMCCT, CL.<br>2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais. CMCCT, CL.<br>2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos. CMCCT, CL. |
| **Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade** | 2.2.1. Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención. CMCCT, CL.<br>2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde. CMCCT, CSC, AA. |
| ***BLOQUE 3: OS SERES VIVOS.*** | |
| **Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno.** | 3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno. CMCCT, CL, CSC.<br>3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes. CMCCT, CSC, CL., CD. |
| **BLOQUE 4: MATERIA E ENERXÍA.** | |
| **Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable.** | 4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola.CMCCT, CSC, CEC.<br>4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.CMCCT, CSC, CEC. |
| **BLOQUE 5: TECNOLOXÍA. OBXECTOS E MÁQUINAS.** | |
| **Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.** | 5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso. CL,CD.<br>5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso. CL,CD. |

## CIENCIAS SOCIAIS.

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe. |
|---|---|
| ***BLOQUE 1:CONTIDOS COMÚNS.*** | |
| **Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.** | 1.4.1.Identifica a terminoloxía propia da área.CL, CSC.CMCCT |
| ***BLOQUE 2: O MUNDO QUE NOS RODEA.*** | |
| **Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.** | 2.1.1 Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.CL,CSC.<br>2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.CL,CSC. |
| **Realizar sinxelos traballos dalgún ecosistema en concreto: acuático, terrestre.** | 2.4.1.Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula.CL,CSC |
| **Identificar os elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñOcer algunha características máis significativa destes.** | 2.6.1.Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes. CL, CSC. |
| ***BLOQUE 3: VIVIR EN SOCIEDADE.*** | |
| **Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio.** | 3.1.1.Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio.CL, CSC. |
| **Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros e bombeiras, policía...** | 3.2.1.Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.CSC, CL. |

| | |
|---|---|
| **Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais.** | 3.4.1.Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares. CSC, CL, CEC. |
| **Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras mais representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuír á súa conservación.** | .5.1.Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,..propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.CL, CSC, CEC. |
| **Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade.** | 3.7.1.Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación. CMCCT, CSC, CL, CEC. |
| **Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte.** | 3.8.1.Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte. CL, CSC.<br>3.8.2.Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.CL, CSC, CEC. |
| **BLOQUE 4: AS PEGADAS DO TEMPO.** | |
| | 4.1.1.Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá. CMCCT, CSC, CD, CL,<br>4.2.1.Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo.CMCCT, CD.<br>4.3.2.Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais. CSC, CL. |

## LINGUA ESTRANXEIRA.

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade | PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos |
| B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos …), | PLEB1.2.Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares |
| B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto | PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo e outras persoas |
| B2.1. Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata | PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas |
| B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos. | PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves |
| B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves | PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados. |
| B3.2. Utilizar as estratexias básicas de hipótese para a comprensión | PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual |
| B4.3. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos moi sinxelos e elementais | PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas con léxico relacionado co tema da escritura |
| B5.2. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente | PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social |
| B5.6. Comprender e expresar o permiso, o acordo. | PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad…) |
| B5.7. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados. | PLEB5.7. Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you cant/can´t) ou (That's right). |
| B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos. | PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc. |
| B5.12. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia | PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente. |

## EDUCACIÓN ARTÍSTICA

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe. |
|---|---|
| **Amosar respecto pola área e polos diferentes tipos de expresión plástica.** | 1.1.1. Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica. CCEC, CSC. |
| **Valorar a limpeza, os materiais e a orde na realización dunha tarefa plástica e o seu produto final**. | 1.2.1. Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto. CCEC, CSC. |
| **Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.** | 1.3.2. Identifica, nomea e debuxa as formas básicas.CL, CMCCT.<br>1.3.3. Identifica os tamaños. CL, CMCCT.<br>1.3.4. Identifica e usa as cores aprendidas. CL, CMCCT.<br>1.3.5. Nomea e recoñece as figuras xeométricas básicas e os elementos plásticos. CL, CMCCT.<br>1.3.6. Recoñece e nomea as principais partes da figura humana.CMCCT, CL.<br>1.3.7. Identifica figuras xeométricas básicas. CMCCT, CL.<br>1.3.8. Identifica os diferentes tipos de liña. CMCCT, CL. |
| **Identificar diferentes formas de representación do espazo.** | 1.5.1. Observa diferentes formas de presentar o espazo. CMCCT. |
| ***BLOQUE 2: EXPRESIÓN ARTÍSTICA.*** | |
| **Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.** | 2.2.2. Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.). CMCCT, IE.<br>2.2.4. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual. CD, CMCCT, IE. |
| **Respectar e coidar os materiais, os utensilios e os espazos.** | 2.3.1. Respecta as normas preestablecidas e coida os materiais, |

| | |
|---|---|
| | os utensilios e os espazos.CSC. |
| ***Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.*** | 1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. CL, CMCCT, CCEC. |

## EDUCACIÓN FÍSICA-

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe. |
|---|---|
| BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA | |
| Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais. | 1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. CSIEE, AA, CSC<br>.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.CSIEE, CSC AA<br>1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita. CSC, CSIEE, AA |
| Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo. | 1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. CSC, AA |
| BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN | |
| Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movmento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de represen- | 2.2.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses |

| | |
|---|---|
| tar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices. | estímulos, diminuíndo os tempos de resposta. CSIEE, AA,CSC |
| BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES | |
| Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais,nando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. | 3.1.3. Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados. CSC, CEE |
| BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS | |
| Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións. | 4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. CCEC, AA, CSC. |

## RELIXIÓN

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe. |
|---|---|
| Recoñecer que Xesús nace dentro dunha familia.. | Valora e respeta a familia CL, CAA |
| Recoñecercer o Bautismo, para formar parte da Igrexa | Explica coas súas propias palabra o sentido do Bautismo. CL, CAA. |

## COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

Establecen oito competencias básicas que o alumnado debe desenvolver e acadar ao longo do ensino básico, Estas competencias traballaranse todas a través das distintas propostas de actividade que se proponen ao alumnado ao longo do 3º trimestre.

Todas as áreas contribuen á consecución das oito competencias.

1º Competencia en comunicación lingüística

2º Competencia cultural e artística

3º Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

4º Competencia dixital e tratamento da información

5º Competencia para aprender a aprender

6º Auntonomía e iniciativa persoal

7º Competencia social e cidadá

8º Competencia en matemáticas

## *2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.*

O traballo no terceiro trimestre estará enfocado principalmente ao repaso,reforzo, recuperación e ampliación e adaptado en función de cada etapa, área ou materia, tendo en conta a situación de cada alumno ou alumna .

## ADAPTACIÓN DOS RECURSOS PARA A AVALIACIÓN.

### PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN.

- Observación do traballo diario a través das canles fixadas para a comunicación cas familias.
- Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaluación neste periodo escolar.
- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificaciones), tendo en conta as valoracións cuantitativas dos dous primeiros trimestres.

Nunca estas observacións poderán penalizar a calificación obtida nos anteriores trimestres.

- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións) tendo en conta as valoracións cualitativas do primeiro e segundo trimestre.

  Nunca estas observacións poderán penalizar a calificación obtida nos anteriores trimestres.

## INSTRUMENTOS UTILIZADOS PARA A AVALIACIÓN.

- Anecdotario no que se recolle información significativa para valorar carencias e actitudes positivas.
- Lista de control na que rexistro a ausencia ou presencia da conduta, rasgo ou secuencia de accións que pretendo avaliar.
- Os traballos do alumnado (que me remiten a través de imaxes) a través dun análise sistemático e continuado das tarefas que se propoñen.
- Valoración de realizacións prácticas para avaliar situacións como prácticas, exercicios físicos ou xogos propostos.
- Conversas co alumnado, a través de vídeo chamadas, empregando, Whatsapp , chamadas telefónicas, correo electrónico e webex.

- Observación indirecta a través das canles fixadas para a comunicación cas familias.
- Avaliación de contidos correspondientes a unidade ( fichas de repaso e recuperación dos contidos referentes ao primeiro e segundo trimestre)
- Evaluación das competencias.
- Elaboracións multimedia.

***Avaliación Continua:*** . O traballo do terceiro trimestre servirá, exclusivamente, para recuperar, ampliar e repasar contidos ou mellorar a cualificación final .

***Avaliación Final:*** O traballo do terceiro trimestre servirá, exclusivamente, para recuperar ampliar, e repasar contidos ou mellorar a cualificación final .

## SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN.

**Cualificación cuantitativa:**

Terase en conta as calificacións do primeiro e segundo trimestre. A través das fichas de repaso, ampliación e recuperación observarase o afianzamento dos coñecementos por parte do alumnado e a melllora nos mesmos, tendo en conta sempre a flexibilización dos mesmos, debido a situación escolar actual.

**Cualificación cualitativa:**

As probas de avaliación por competencias (fichas de avaliación´ competencial)

***A observación a través das canles de comunicación coas família***

## *ATENCIÓN A DIVERSIDADE.*

**Sistema de comunicación co alumnado e as familias establecido polo centro.**

O sistema de comunicación co meu alumnado é sempre a través das familias, e as canles son:

- Grupo de Whatsapp
- Correo electrónico
- Webex

A través destas canles, as familias fanme chegar as dubidas xurdidas na realización das tarefas por parte das alumnas e os alumnos. Tamén constitúe un intercambio de información construtiva en diferentes ámbitos.

Como particularidades importantes, quero resaltar as seguintes:

- Todas as familias teñen acceso a Internet.
- É unha zona rural. A maioría das nais e dos pais traballan nesta actividade, polo que a conciliación familiar resulta máis complicada.

.

## *TOMA DE DECISIÓNS SOBRE A PROMOCIÓN DO ALUMNADO :*

No presente curso, todas as nenas e nenos escolarizados promocionan de curso.

## 4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE.

Como xa se fixera para a realización das actividades de seguemento ao alumnado, as escolas unitarias do concello de Vimianzo (Carnés, Castromil e Carantoña), Traba e Camelle continúan, de forma conxunta, a traballar no Drive dinámico, nutrindo de recursos e actividades, as áreas de Educación Infantil e Educación Primaria.

(https://drive.google.com/drive/u/0/folders/1CQtBfMDtdcPY60I3JoG1qS3r4IXs9XAB)

Tamén consta o seguinte enlace de Google site, onde imos recompilando recursos que poden empregar as familias:

https://sites.google.com/view/unitariasvimianzotrabacamelle/p%C3%A1gina-principal

Cada titor/titora envía ás familias as propostas de actividade que lle resulten máis axeitadas para o seu alumnado.

O material faise chegar ás familias a través das diferentes canles de comunicación. Ó mesmo tempo, teñen acceso ao Drive dinámico, no cal se atopa toda a información de interese para a resolución das tarefas diarias.

Grazas ao Concello de Vimianzo que imprime gratuitamente estes materiais e entrégaos ás familias, todas as nenas e nenos de Castromil teñen o material de traballo.

Cada semana enviase unha programación para realizar cada día, marcando e pautando diariamente o traballo.

A comunicación cas familias e cos nenos e nenas e periódica, cada día a través de Whatsapp. As nenas e nenos realizan as tarefas ao longo do día.

Mantemos unha xuntanza virtual (todos os nenos e nenas e eu) a través de Webex .Para a realización desta reunión, previamente hai que acordar que todas as familias podan conectarse (debido a quendas no traballo sobre todo).
A través de esta canle, tamén se realizan reunións cas nais e cos pais, para resolver dubidas sobre diferentes aspectos da programación diaria.

Na proposta de actividades elaborada envíanse:

- "Ciencia na casa". Experimentos nos que teñen que formular hipóteses sobre o que vai a suceder realizan o experimento proposto e finalmente extraen a conclusión. Todo o proceso grábase en vídeo e envíanmo a través de Whatsapp ou do mail do centro.
- Apps: para a aproximación ás TICs se recomenda semanalmente una app na que a través de xogos traballan: memoria, lecto – escritura, lóxico – matemática.
- Actividades referidas ás conmemoracións do 3º trimestre (Semana do libro, DI

Acoso Escolar, Día de Europa, Semana das Letras Galegas, Día Mundial do Medio Ambiente)

- Actividades de fomento da creatividade (manualidades, debuxos, etc.), creación de debuxos guiados por pintores (pintando con Leandro Lamas)
- Propostas de actividades de E.F (Ioga para nenos, circuítos divertidos,etc.)
- Actividades musicais (cancións, audicións, etc.) nestas actividades tamén se lles propoñen as que por Streaming están a desenvolver artistas como: Paco Nogueiras, Uxía Lambona e a banda Molona....
- Actividades de Lingua inglesa, a través de cancións, vídeos, etc.
- Actividades de educación emocional.
- Actividades de ampliación e reforzo
- Traballo fundamentalmente oral (audicións, dramatizacións).
- Utilización de rimas, cancións e contos.

Por áreas::

- **Lengua:**
  -Actividades de lecto-escritura: textos de comprensión oral e escrita, ditados, lectura de contos, escritura creativa...
  - Actividades de gramática: construción de oracións baixo diferentes parámetros...
  - Actividades de ortografía: ditados de palabras, sílabas e textos, video ditados realizados polas nenas e nenos...
  - Actividades de ampliación, reforzo e recuperación.
  - Escritura creativa: realizar contos a través de diferentes pautas, poemas, cancións, pequenas obras de teatro en familia...

- **Lingua**
  -Actividades de lecto-escritura: textos de comprensión oral e escrita, ditados, lectura de contos, escritura creativa...
  - Actividades de gramática: construción de oracións baixo diferentes parámetros...
  - Actividades de ortografía.: ditados de palabras, sílabas e textos, video ditados realizados polas nenas e nenos...
  - Actividades de ampliación,reforzo e recuperación.
  - Escritura creativa: realizar contos a través de diferentes pautas, poemas, cancións, pequenas obras de teatro en familia...

- **Matemáticas**
  - Resolución de problemas: fichas con adiviñas matemáticas, construción de enunciados e posta en común dos mesmos...
  - Fichas de numeración,

- Textos de comprensión oral e escrita.
- Actividades de operacións básicas.
- Actividades de repaso, ampliación e recuperación.

- **Naturais:**

- Actividades de reforzo e ampliación.
- Traballos sobre a súa contorna( inclusión na **área de plástica)**

- **Sociais:**

- Actividades de reforzo e ampliación.
- Traballos sobre a súa contorn:a( inclusión na **área de plástica**)

- **Lingua estranxeira:**

**-** As leccións se basean en rutinas. Ó comezo da lección os nenos repasan o vocabulario, cantan unha canción e xogan os xogos propostos para o repaso e uso deste vocabulario. Cada sesión se presenta unha breve historia, unha canción co vocabulario específico e outra na que se repasen as cores, os números, os días da semana, as accións, etc.
Reciben mensaxes e Challengues, e mensaxes de Mr. Monkey e Mr. Fox aos que eles responden agarimosamente coa colaboración da familia.

**MATERIAIS E RECURSOS**

Os **recursos humanos** cos que contamos, son os seguintes:

- O mestre titor e responsable do C.E.I.P de Castromil.
- Orientadora (compartida).
- Especialista en lingua inglesa
- Especialista en relixión.
- Familias

Recursos **organizativos**: establezo tempos para a atención personalizada do alumnado e das familias.

Recursos **didácticos**, entre outros:

- Recursos atopados na web
- O noso propio "banco de recursos" que é o Drive das 5 escolas
- Contos que teñen os nenos na casa e que empregamos para todos
- Materiais informativos e ilustrativos que elaboramos.
- As marioneta de "Mr. Fox e Monkey ", que só falan en inglés. A súa función é a de axudante do mestre e envía as mensaxes das rutinas e ánimo , así coma exemplos

de interaccion oral na lingua inglesa. Convida aos nenos a mandarlles audios ou videos coas súas gravacións empregando as marionetas que teñen en casa para Se envían contos, cancións , videos e xogos interactivos cos que repasar o abordado durante o curso , e introducindo novo vocabulario sinxelo.

- Outros materiais e recursos empregados por exemplo a plastilina, as ceras, os cartolinas, papeis de refugallo, rotuladores, pintura , etc para realizar manualidades relacionadas coas rutinas e os temas a tratar no conto, cancións e actividades.

Recursos **TICs**.

- Apps como:

https://play.google.com/store/apps/details?id=com.robotifun.tangram
https://play.google.com/store/apps/details?id=air.educaplanet.grin.leo1.full
https://play.google.com/store/apps/details?id=com.cuentaCuentos
https://play.google.com/store/apps/details?id=com.edujoy.Kids_Memory
https://play.google.com/store/apps/details?id=com.appndroide.aprenderaleeryescribir
https://play.google.com/store/apps/details?id=biz.arrowstar.funnyfood3&hl=es_SV
https://play.google.com/store/apps/details?id=air.com.sesameworkshop.ResilienceThinkBreathDo&gl=ES
https://play.google.com/store/apps/details?id=com.storytoys.hungrycaterpillar.book1.free.android.googleplay
https://www.google.com/search?client=firefox-b-e&q=space+place+nasa

https://www.google.com/url?sa=t&rct=j&q=&esrc=s&source=web&cd=1&cad=rja&uact=8&ved=2ahUKEwi-o7_UiK7pAhXS7eAKHZBvBNwQFjAAegQIBxAC&url=https%3A%2F%2Fwww.educapeques.com%2F&usg=AOvVaw3dpcGQTuWmrlqLtAH5KEbk

https://www.google.com/url?sa=t&rct=j&q=&esrc=s&source=web&cd=1&cad=rja&uact=8&ved=2ahUKEwjjyIKOia7pAhV08uAKHXgaCNcQFjAAegQIBhAC&url=https%3A%2F%2Fwww.mundoprimaria.com%2F&usg=AOvVaw3FMB0eQGrnU8leWJ-c1r0w

En canto aos **materiais**:

Fichas en PDF, libros de texto, material escolar previamente dado as familias.

Esto diariamente se vai enriquecendo con outro tipo de propostas como:

- Contos contados polos nenos e nenas, as familias, e a titora.
- Enlaces a páxinas web interesantes
- Enlaces a vídeos, cancións, etc, que se relacionan co que estamos a traballar.

## 5.INFORMACIÓN E PUBLICIDADE